



Memoria da ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL 2018

MEMORIA ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN.....	3
DATOS DA ASOCIACIÓN.....	4
XUNTA DIRECTIVA.....	5
DATOS XERAIS DE OCUPACIÓN E INTERVENCIÓN.....	6
SERVIZOS PRESTADOS.....	8
SERVIZO DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO.....	8
PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN.	
SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR.....	8
PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR.	
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL.....	9
PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NO CENTRO PENITENCIARIO DE A LAMA.	
PROGRAMA DE ATENCIÓN A DOMICILIO NO MEDIO RURAL.	
PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO	
SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR.....	11
PROGRAMA DE ESCOLA DE FAMILIAS E AXUDA MÚTUA.	
PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A FAMILIARES.	
SERVIZO DE REHABILITACIÓN.....	12
PROGRAMA DE HABILIDADES DA VIDA DIARIA..	
CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL.	
CENTRO OCUPACIONAL.	
SERVIZO DE COMUNICACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN.....	28
CADRO RESUMO DOS SERVIZOS E PROGRAMAS DA ASOCIACIÓN.....	29
EQUIPO TÉCNICO DA ASOCIACIÓN.....	32
COLABORADORES E FINANCIADORES.....	33
ANEXO: CONTAS ANUAIS APROBADAS.	

PRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN.

A Asociación Lenda de Saúde Mental nace en xuño de 1995 para dar resposta ás carencias da atención en rehabilitación ás persoas con enfermidade mental persistente.

A Asociación Lenda ten como fins:

- ♦ A mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias, promovendo e garantindo unha axeitada calidade asistencial, integración social e laboral e a desaparición de estigma.
- ♦ A defensa dos devanditos dereitos, tendo como principio que a normalización da enfermidade pasa pola equiparación social en tódolos ámbitos, comprometéndose a súa representación no movemento asociativo coas reivindicacións dos mesmos nos diferentes foros e entidades aos que se teña acceso.

A Asociación Lenda, como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio de Interior na Orde do 22 de febreiro do ano 2006 (BOE nº 71/2006), ten entre os seus obxectivos comunitarios o fomento da participación cidadá de todos os usuarios e usuarias do Centro de Rehabilitación Psicosocial Lenda. Para isto a nosa Asociación ven participando en diversas actividades en colaboración con outras entidades socioculturais.

Para o cumprimento destes fins lévanse a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- ♦ Promover aquelas actuacións na área de Saúde Mental non cubertas axeitadamente, buscando unha mellor relación entre as persoas con enfermidade mental e o medio familiar, social e laboral.
- ♦ Desenvolver actividades de información, formación e concienciación ao respecto das persoas con enfermidade mental.
- ♦ Potenciar encontros e apoio solidario entre as persoas con enfermidade mental, as súas familias e a comunidade.
- ♦ Impulsar aquelas iniciativas, propias e alleas, dirixidas a favorecer a reinserción psicosocial e laboral das persoas con enfermidade mental (entendida como o conxunto de trastornos así definidos na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) da Organización Mundial da Saúde), prestándose especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social.

Os órganos de goberno e representación procurarán que as actividades da Asociación Lenda non estean restrinxidas a beneficiar aos seus asociados/as, senón abertas a calquera outro posible beneficiario/a que reúna as condicións e características esixidas pola natureza dos seus fins.

DATOS DA ASOCIACIÓN

Nome da entidade: Asociación Lenda de Saúde Mental

CIF: G-36248011

Nº identificación no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: E-869.

Data do permiso de inicio de actividades: 21 de decembro de 2010.

Nº de socios: 120

Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral

Rúa Reveriano Soutullo, 57

36800 Redondela

Email: asoclenda@gmail.com

Teléfono fixo: 986 404 200

Teléfonos móbiles: 653 794 995 e 653 797 090

Centro Ocupacional

Rúa Prego de Montao 15-17 Baixo

36800 Redondela

Email: lendaco@gmail.com

Teléfono fixo: 886 114 719



XUNTA DIRECTIVA.

PRESIDENTA

M^a Cristina Martín Fragueiro

VICEPRESIDENTE

Miguel Enrique Rodríguez Méndez

TESOUREIRA

Olga Rodríguez Puga

SECRETARIA

Patricia Vilán Curro

VOGAIS

José Jaime Figueroa Cerdeira

Marta Bouzón Couñago

Puerto Figueroa Fernández

Ana Gesteira Ponce

Elvira Fernández Aparicio

Joaquín Fernández Muíños

Manuel Puga Pereira

Carmen Varela Trigo

Francisco Javier Somoza Pires

DATOS XERAIS DE OCUPACIÓN E INTERVENCIÓN

Datos de ocupación		
Nº prazas no Centro de Rehabilitación		45
Nº persoas usuarias atendidas no Centro de Rehabilitación	De forma permanente	48
	De forma ocasional	20
Nº prazas Centro Ocupacional		10
Nº de persoas usuarias atendidas no Centro Ocupacional		12
Nº persoas usuarias atendidas no PAD Rural e Acompañamento Integral		14
Nº de persoas usuarias atendidas no Programa de HVD		15
Nº persoas usuarias que participaron no Programa de Respiro Familiar		48
Nº de persoas usuarias atendidas no Centro Penitenciario		76
Nº de persoas atendidas no Programa de Información e Orientación		69
Nº familiares atendidos	Centro de Rehabilitación	48
	Centro Ocupacional	12
	PAD Rural e Acompañamento Integral	5
	Programa HVD	14
	PAIEM	10
	Programa de Escola de Familias	22

Datos de intervención

Nº de coordinacións con servizos da comunidade	Unidades de Hospitalización Psiquiátrica	12
	Equipo de Continuidade de Coidados	38
	Comisión Local de Rehabilitación	8
	Unidades de Saúde Mental	25
	Centros Sanitarios de Atención Primaria	30
	Xulgados, Centros de Valoracións de Minusvalías, Seguridade Social	30
	INEM, fundacións, Asociacións, Federacións, Recursos de formación e laborais	60
	Universidade de Santiago de Compostela	2
	Servizos Sociais Comunitarios	30
	Centro Penitenciario de A Lama	70
	Nº total de coordinacións	305
Nº de intervencións individuais	Centro de Rehabilitación	580
	Centro Ocupacional	225
	PAD Rural e Acompañamento Integral	40
	Programa de Habilidades da Vida Diaria	48
	PAIEM	75
	Programa de Información e Orientación	69
	Nº total de intervencións individuais	1.037
Nº de intervencións familiares	Centro de Rehabilitación	150
	Centro Ocupacional	46
	PAD Rural e Acompañamento Integral	14
	Programa de Habilidades da Vida Diaria	46
	PAIEM	36
	Programa de Información e Orientación	58
	Programa Escola de Familias	14
Nº total de intervencións familiares	364	
Nº total de Intervencións		1.706

SERVIZOS PRESTADOS.

SERVIZO DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO.

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN.

O Programa de Información e Orientación é un programa que ten como fin de dar unha estrutura ao traballo de información sobre a enfermidade mental e os recursos existentes, ás campañas de sensibilización, etc., que xa se ven realizando dende as Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental.

Persoas atendidas neste programa: Atendeuse a un total de 69 persoas ao longo do ano.

Tipo de consultas que atendemos: consultas relacionadas co tipo de servizo que somos, cos programas que levamos a cabo, co perfil das persoas usuarias, con outros recursos da zona, etc.

Persoal técnico: Unha educadora, un psicólogo e unha psicóloga.

SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR.

PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR.

Tratase dun programa que intenta favorecer a calidade da convivencia familiar, proporcionando oportunidades de respiro ás persoas con enfermidade mental grave ou persistente e aos familiares cos que conviven.

Persoas atendidas neste programa: Participaron 48 persoas.

Actividades realizadas:

Estancia na casa de Sanxenxo: realizáronse tres estancias de 5 días de duración nos meses de xullo, agosto e setembro nas que participaron 21 persoas, e 2 monitores.

Estancia no Balneario de Cuntis do 18 ao 20 de abril de 2018: participaron 6 persoas usuarias e un monitor.

Viaxe a Tenerife do 23 ao 29 de maio de 2018: participaron 6 usuarios e un monitor.

Respiros familiares en residencias da rede de saúde mental: participaron 2 persoas usuarias do CRPL e dúas persoas do CO.

Persoal técnico: 2 monitores.

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL.

PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NO CENTRO PENAL DE A LAMA (PAIEM).

Trátase dun proxecto destinado a dar resposta á poboación con enfermidade mental, ás súas familias e achegados, internos no Centro Penitenciario de A Lama, atendendo á natureza e ás necesidades específicas deste centro.

A poboación á que vai destinada este proxecto é a poboación penitenciaria que padece unha enfermidade mental dentro do Centro Penitenciario de A Lama. O perfil dos beneficiarios é de homes e mulleres, que padecen unha enfermidade mental crónica, de idades comprendidas entre o 18 e os 65 anos, a maioría con un historial de policonsumo de drogas, con risco de deterioro cognitivo e déficit de habilidades sociais.

Persoas atendidas neste programa: Ao longo do ano pasaron por este programa 76 persoas.

Actividades realizadas:

Obradoiro de Psicoeducación

Obradoiro de Promoción da Saúde Mental para Mulleres

Obradoiro de Estimulación Cognitiva

Obradoiro de Hábitos de Vida Saudable

Terapia Individual

Traballo coas familias: traballouse con 10 familiares de forma diferente, en sesións grupais de escola de familias, de forma individual e mediante seguimento telefónico. Participación na convivencia familiar do Módulo 5.


Saídas Terapéuticas: Saídas a entidades: Alborada, Érguete, Emaús, Asociación Lenda, Asociación Avelaíña, 2 saídas de sendeirismo no concello de A Lama e diversas saídas a competicións deportivas e de competición (4 Picos e Media Maratón de Pontevedra), Banco de alimentos de Pontevedra e Camiño de Santiago.

Outras actividades nas que participou a Asociación:

Día da Merced

Día Mundial da Saúde Mental

Persoal técnico: Unha psicóloga e unha educadora.



PROGRAMA DE ATENCIÓN A DOMICILIO NO MEDIO RURAL.

Debido á deficitaria atención que recibe o colectivo de persoas con enfermidade mental **no medio rural** a causa do insuficiente desenvolvemento dos recursos de atención comunitaria en Galicia, parécenos moi importante o desenvolvemento deste programa.

O programa xustifícase na necesidade de apoio deste colectivo, xa que as enfermidades mentais provocan un importante deterioro en aspectos fundamentais para o desenvolvemento laboral, social e persoal. Deterioro que se mantén e pode agravarse no tempo e que impide á persoa a integración no seu entorno de forma normalizada e autónoma.

Persoas atendidas neste programa: Ao longo do ano atendeuse a 5 persoas con enfermidade mental no seu domicilio.

Actividades realizadas: Intervencións no domicilio con persoas usuarias do programa e os seus familiares, intervencións telefónicas, citas no CRPL, acompañamentos e coordinacións con outros recursos sociosanitarios.

Persoal técnico: Unha psicóloga.

PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO INTEGRAL.

O programa de Acompañamento Integral ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal e integración na comunidade das persoas con enfermidade mental a través de apoios integrais. Está dirixido a persoas con enfermidade mental que presentan de forma consistente dificultades en áreas básicas da vida diaria, na continuidade da atención sociosanitaria e na participación de actividades na comunidade, ou con grave risco de telas a corto ou medio prazo, asegurando a implicación da persoa con enfermidade mental na súa recuperación.

As persoas participantes no programa teñen acceso a unha serie de actuacións de apoio e rehabilitación entre os que destacan actividades relacionadas coa psicoeducación, habilidades diarias ou intervención familiar.

Persoas atendidas neste programa: Ao longo do ano atendeuse a 9 persoas

Actividades realizadas: intervención en domicilio, acompañamento a hospital e consultas.

Persoal técnico: Unha psicóloga/o e un educador/a.

En ambos programas realizouse unha difusión por correo ordinario aos servizos sociais dos concellos de Redondela, Mos, Porriño, Pontearreas, Pontecaldelas, ás Unidades de Saúde Mental da área sanitaria de Vigo e centros de saúde, coa información dos programas nun tríptico e nunha carta informativa.

SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR

PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A FAMILIARES.

Dende o Servizo de Atención Sociofamiliar ofrecemos apoio para as persoas coidadoras, para a prevención e manexo de posibles alteracións físicas, psicolóxicas e sociais, derivadas das tarefas de coidador/a. O servizo inclúe unha serie de accións destinadas a acompañar no transcurso do proceso de rehabilitación:

- ◆ Ofrecer soporte emocional ás persoas coidadoras.
- ◆ Fomentar o autocoidado.
- ◆ Tratar os conflitos e busca de solución de problemas adaptados.
- ◆ Manexo das emocións negativas e os estados de sobrecarga xurdidas froito do coidado.
- ◆ Fomentar as habilidades de comunicación, organización de coidados e traballo en equipo no entorno familiar.

Tipos de Atención:

- Individual
- Unidad Familiar

Familiares atendidos neste programa: 48

Persoal técnico: Unha psicóloga e un psicólogo.

PROGRAMA DE ESCOLA DE FAMILIAS E AXUDA MUTUA

Este programa ten a finalidade de potenciar o rol dos familiares como axentes activos no proceso de tratamento e rehabilitación das persoas con enfermidade mental para favorecer a atención, coidados, apoios e o retorno da persoa usuaria ao seu ámbito familiar.

Familiares atendidos neste programa: Participaron neste programa 26 familiares.

Persoal técnico: Unha psicóloga.

Actividades realizadas:

Grupo de Apoio Familiar: participaron 15 familiares.

Grupo de Escola de Familias: participaron 7 persoas

Obradoiro de Promoción da Saúde para Coidadoras e Coidadores: participaron 16 persoas



**SE ERES COIDADORA OU COIDADOR,
COIDATE!!!**

Dende a Asociación Lenda de Saúde Mental estamos a organizar un *"Obradoiro de Promoción da Saúde Mental para Coidadoras e Coidadores"*

Datas: 8, 15, 22 e 29 de Maio de 2018
Lugar: Centro de Rehabilitación Lenda, na rúa Reveriano Soutullo, 57
Horario: 17:30 a 19:00

Se queres apuntarte chámamos ao 956 40 42 00
ou envíanos un e-mail a asoclenda@gmail.com

PRAZAS LIMITADAS

SAÚDE MENTAL HEALTH GALICIA XUNTA DE GALICIA galicia Asociación Lenda de Saúde Mental

SERVIZO DE REHABILITACIÓN

PROGRAMA DE HABILIDADES DA VIDA DIARIA.

Este programa ten como finalidade a mellora da calidade de vida dos seus participantes a través do aumento da súa autonomía na realización das actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

Así, coa realización deste programa preténdese que os usuarios do Centro de Rehabilitación Lenda que así o precisen, adquieran, recuperen ou manteñan as habilidades necesarias para desenvolverse na súa contorna familiar e social da maneira máis independente posible.

Ademais, a través desta intervención nas habilidades da vida diaria tamén se procura unha mellora noutros aspectos como a autoestima, habilidades sociais, interacción familiar e social,...

Persoas atendidas neste programa: Este ano participaron no programa un total de 15 persoas, divididas en tres grupos de 5 persoas cada un.

Actividades realizadas:

Obradoiro de alimentación saudable e cociña.

Obradoiro de economía básica e organización doméstica .

Obradoiro de autocoidados.

Obradoiro de manexo social.

Obradoiro de manexo de novas tecnoloxías (compra por internet)

Visita ao aula de reciclaxe.

Saídas para comprar en grandes superficies

A metodoloxía caracterízase principalmente por ser activa, e atende ás necesidades de cada persoa participante. O que cada unha das persoas participantes teña o seu propio caderno de traballo, facilitará a tarefa do profesional e ademais, permitirá que a persoa usuaria adquiera unha maior autonomía xa que pouco a pouco será ela quen leve a cabo as actividades sen a axuda e supervisión do profesional.

Persoal técnico: Unha educadora social.

A duración deste programa foi de xaneiro a outubro.



CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL.

O Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral Lenda (CRPL) defínese como un servizo de atención diúrna, globalizadora e interdisciplinar, dirixida ás persoas con enfermidade mental e aos seus familiares, coa finalidade da rehabilitación e integración social dos usuarios.

Definimos a rehabilitación psicosocial como un proceso gradual, non necesariamente lineal e sostido no tempo no que a persoa con enfermidade mental avanza na superación dos seus síntomas e discapacidades para acadar o seu máximo nivel posible de autonomía persoal e participación social, coa axuda activa dunha gama de servizos e prestacións que lle permitan superar as dificultades do proceso e lle presten o apoio necesario en cada momento.

Orientámonos cara a recuperación das persoas usuarias, entendida como actitude sostida para a consecución do seu máximo nivel de autonomía e participación posible.

A organización e funcionamento basease nos principios de igualdade, normalización, rehabilitación, integración e participación da persoa usuaria.

O CRPL Lenda ten capacidade para 45 persoas usuarias. Estas 45 prazas están concertadas co Servizo Galego de Saúde.



o **PROGRAMA DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA.**

O Programa de Atención Individualizada é un programa que comprende todas aquelas actuacións dirixidas a alcanzar a autonomía persoal no maior grado posible e o desenvolvemento de tódolos servizos e programas nos que participa a persoa usuaria.

O programa inclúe a avaliación funcional, física, psíquica e socio familiar, os obxectivos a acadar e o plan de intervención.

Na elaboración do programa participan os profesionais, a familia e a persoa usuaria do centro

Persoas atendidas neste programa: 68 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Sesións individuais de información e orientación ás persoas usuarias do centro, tanto de forma permanente como ocasional.

Persoal técnico: 1 psicólogo e unha psicóloga.

o **PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA.**

O Programa de Administración Económica é un programa que atende á necesidade das persoas usuarias do Centro de Rehabilitación de manter un control económico e mellorar a administración dos seus cartos.

Persoas atendidas neste programa: 9 usuarios e usuarias.

Actividades realizadas: Planificación de gasto mensual e administración dos cartos.

Persoal técnico: Unha educadora.

o **PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN FARMACOLÓXICA.**

O Programa de Administración Farmacolóxica é un programa que pretende dar resposta á necesidade de manter un control e garantir a toma da medicación de forma axeitada, seguindo a pauta que se establece polo médico de atención primaria ou psiquiatra de referencia da persoa usuaria.

Persoas atendidas neste programa: 11 usuarios e usuarias.

Actividades realizadas: Realización de pastilleiros e toma de medicación supervisada.

Persoal técnico: Unha educadora.

o PROGRAMA OCUPACIONAL: OBRADOIROS RESTAURACIÓN.

Os Obradoiros de Restauración son o eixo central do programa ocupacional; por eles, en diferentes horarios e grupos, pasa a práctica totalidade das persoas usuarias do Centro de Rehabilitación.

Distribúese en dous obradoiros, con dous espazos diferenciados, dedicados ao mesmo fin e que realizan actividades de xeito separado aínda que en paralelo. O traballo que e realiza neles é a restauración de moble antigo.

Persoas que participaron neste programa: 48 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Restauración de moble antigo e tapizado.

Persoal técnico: Dous monitores de taller.



o PROGRAMA DE ORIENTACIÓN LABORAL (FEAFES)

Persoas que participaron neste programa: 8

Persoal técnico: 1 profesional de FEAFES Vigo

o PROGRAMA FORMATIVO EDUCATIVO FÓRA DO CENTRO.

Como parte da formación das persoas usuarias do CRPL, considérase que a formación que se realice fóra deste é fundamental para a normalización e recuperación da persoa con enfermidade mental.

Persoas que participaron neste programa: 11

Actividades realizadas:

Nome do curso	Lugar	Nº de participantes
Iniciación a Ingles	Centro de Día de Redondela	1
Trámites Administrativos por Internet	OMIX Redondela	1
Italiano Básico	Escola Oficial de Idiomas	1
Informática Básica	OMIX Redondela	1
Graduado en ESO	IES Pedro Floriani	1
Graduado en ESO	EPA Picacho	1
Redes Sociais na Rede	OMIX Redondela	1
Informática Básica	Centro de Estudios GUS	2
Plan de Formación para o emprego	FEAFES Vigo	2
Plan Integral de Emprego (proceso de selección)	FEAFES Vigo	1

o PROGRAMA TERAPÉUTICO

O paso do concepto negativo da saúde a unha visión positiva condúcenos a un movemento ideolóxico, segundo o cal, as accións deben ir dirixidas a fomentar estilos de vida sans, fronte ao enfoque preventivo que prevalece.

PSICOEDUCACIÓN (Anual)

O Programa de Psicoeducación pretende ser un espazo de reflexión e aprendizaxe grupal. Ten como principal obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas usuarias a través da información sobre a saúde mental e o apoio emocional.

Persoas que participaron neste programa: Participaron 12 persoas ao longo do ano, cunha media de 10 persoas nas sesións.

Actividades realizadas: Sesións semanais de unha hora e cuarto de duración os venres de 9:45 a 11:00.

Persoal técnico: Un psicólogo

MANEXO DO ESTRES E ANSIEDADE (Xaneiro-Outubro)

Debido á sintomatoloxía que padecen as persoas usuarias do Centro de Rehabilitación e, de cara a mellorar a súa calidade de vida, realizamos un dos obradoiros clave na programación do centro, que pretende que a persoa con enfermidade mental obteña coñecementos sobre o manexo do estrés e a ansiedade e o coñecemento desta sintomatoloxía.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 18 persoas ao longo do ano, cunha media de 9 persoas en cada sesión.

Actividades realizadas: 2 sesións grupais semanais nas que se traballa o contido do programa, visualización de documentais e vídeos relacionados co manexo do estrés e a ansiedade.

Persoal técnico: Un educador.

VIVIR NA SAÚDE (Anual)

O Programa de Vivir na Saúde un programa que proporciona información para levar unha vida saudable e un espazo para reflexionar sobre o consumo responsable e a alimentación de hoxe en día.

Persoas que participaron neste programa: participaron un total de 12 usuarios e usuarias ao longo do ano, cunha media de 10 en cada sesión.

Actividades realizadas: 1 sesións grupal semanal na que se traballou o contido do programa, proxección de vídeos e documentais e saídas de campo a diferentes lugares de consumo como o mercado, un supermercado, unha tenda de comercio xusto e unha tenda tradicional.

Persoal técnico: Unha educadora.

AUTONOMÍA (Xaneiro-Outubro)

Esta actividade está encamiñada a proporcionar aos participantes aqueles coñecementos e habilidades necesarias para aumentar o seu grao de autonomía, contribuíndo, deste xeito, á mellora da súa calidade de vida.

Nela participan as cinco persoas incluídas no Programa de Habilidades da Vida Diaria así como outras cinco que xa pasaron ou pasarán polo mesmo, para as que esta actividade lles supón un reforzo ou, no seu caso, unha preparación previa á súa inclusión definitiva no citado programa.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 13 persoas, cunha media de 10 persoas en cada sesión.

Actividades realizadas: 3 sesións semanais e grupais onde se traballan pautas de alimentación saudable, traballo da mellora do aspecto persoal a través da adquisición dunha axeitada rutina diaria de hixiene e coidados persoais, adecuación de un presuposto mensual, utilización de recursos comunitarios.

Persoal técnico: Unha educadora social.

PRENSA SEMANAL (Anual)

Esta actividade realízase unha vez cada semana e realízase unha lectura das noticias máis relevantes da semana, realízase un faladoiro e un posterior debate. O obxectivo é o mantemento do contacto coas noticias que se dan no noso entorno e a comprensión da situación social, política e económica actual.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 10 persoas ao longo do ano, cunha media de 7 persoas en cada sesión.

Actividades realizadas: 1 sesión grupal semanal de lectura de prensa, faladoiro e debate.

Persoal técnico: Un educador.

ESTIMULACIÓN COGNITIVA (Anual)

O curso de Estimulación Cognitiva estase a consolidar como actividade principal no CRPL co obxectivo de traballar na recuperación e mantemento de certas funcións cognitivas a través de exercicios que estimulan a memoria, planificación, percepción, orientación, atención, concentración, linguaxe, etc.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 37 persoas ao longo do ano, repartidas en 4 grupos de traballo.

Actividades realizadas:

Realizáronse sesións individuais e sesións grupais de estimulación cognitiva.

Traballouse con 4 grupos de traballo en función das necesidades das persoas que participaron.

Grupo 1: participaron 9 persoas. Realizáronse 3 sesións semanais.

Grupo 2: participaron 8 persoas. Realizáronse 3 sesións semanais.

Grupo 3: participaron 9 persoas. Realizáronse 3 sesións semanais.

Grupo de Terapia Ocupacional: participaron 5 persoas. Realizouse 1 sesión semanal.

Persoal técnico: Unha terapeuta ocupacional no primeiro semestre e un terapeuta no segundo semestre

CÁLCULO MENTAL (Anual)

No último trimestre do ano comezouse con esta actividade en substitución de preparación a ESO. A idea é facer unha terapia dinámica e divertida onde se traballa de diferentes maneiras o cálculo mental, executando exercicios de lóxica, coordinación visual, percepción, escritura, lectura, linguaxe, atención, concentración, abstracción, etc.

Persoas que participaron neste programa: Participaron 11 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: dúas sesións semanais grupais nas que se realizaron actividades relacionadas con cálculo mental.

Persoal técnico: Un educador.

TRISQUEL (Anual)

O trisquel é un programa de rehabilitación da conciencia de déficit en formato de xogo de mesa, no que as persoas participantes pasan por unha serie de probas e preguntas clasificadas en bloques temáticos.

Persoas que participaron neste programa: Participaron 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: dúas sesións semanais grupais.

Persoal técnico: Un educador.

COCIÑA (Outubro- Decem-^{NOVO!} bro)

É un obradoiro que da continuidade ao de Autonomía e no que se traballan aspectos básicos da cociña e hábitos de alimentación saudables.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 8 persoas.

Actividades realizadas: 2 sesións semanais de elaboración de menús saudables e práctica en cociña.

Persoal técnico: Unha educadora social

COMUNICACIÓN (Outubro- Decem-^{NOVO!} bro)

Obradoiro no que se traballan aspectos relacionados coa comunicación, habilidades sociais, audición, etc.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 18 persoas, divididas en 2 grupos.

Actividades realizadas: sesións grupais onde se traballan aspectos relacionados coa comunicación, linguaxe, fonética, etc.

Persoal técnico: Unha educadora social

XOGO TERAPÉUTICO (Outubro- Decembro)^{NOVO!}

Nesta terapia trabállanse funcións cognitivas básicas a través de xogos de mesa novedosos para as persoas usuarias. A terapia consiste en comprender e aprender as normas do xogo e poñelas en práctica.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 6 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: 2 sesións semanais onde se traballan funcións cognitivas a través de xogos de mesa.

Persoal técnico: Un educador e unha psicóloga



ARTES PLÁSTICAS (Anual)

O curso de artes plásticas é un medio de expresión das persoas con enfermidade mental, así como un espazo para educar e desenvolver a sensibilidade artística e estética.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas:

Realizáronse actividades de debuxo, colaxe, lectura de textos e elaboración de bosquexos para as portadas e contraportadas da revista “A Voz de Lenda”, participación no Arte Lixo.

Persoal técnico: Un educador.

MÉRCORES MUSICAIS

Os “Mércores Musicais” é unha experiencia enfocada ao autoconecemento e ao crecemento persoal a través de diferentes técnicas. É un curso no que non é preciso saber tocar ningún instrumento nin ter ningún coñecemento sobre música. É un espazo para coñecerse mellor, interactuar con outras persoas e pasalo ben.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 5 persoas neste programa ao longo do ano.

Actividades realizadas: Sesións grupais nas que se traballa expresividade, ritmo, compás, a modulación vocal, os aspectos significativos e representativos da canción e a parte sensitiva das melodías. Tamén se realizaron diferentes actuacións ao longo do ano: no Meixon Music e concerto de Nadal con outras formacións locais.

Persoal técnico: Un educador.



PROGRAMA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

As actividades deportivas realízanse de xeito regular e sistemático, sen exclusións nin discriminacións por sexo ou características físicas. Sempre orientadas e instaladas dentro dos procesos de rehabilitación das persoas con enfermidade mental, e vehiculadas de tal xeito que sirvan de obradoiro onde non só se traballe a area puramente física, senón que teñan nelas unha presenza destacada eidos tan importantes coma a socialización e os seus valores (solidariedade, compañeirismo, a non competitividade, a colaboración etc.) , así como aspectos puramente lúdicos como o desfrute do movemento ou o ambiente relacional que a realización en grupo da practica deportiva propicia. Sérvennos tamén estas actividades para traballar areas coma a da hixiene, ou a adaptación das persoas aos espazos e actividades con estruturas e obxectivos funcionais concretos.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 48 persoas.

Participaron no campionato de fútbol sala 12 persoas.

Actividades realizadas:

Tenis, ximnasia de mantemento, e piscina: 2 sesións semanais.

Campionato na liga de fútbol Sala FEAFES Galicia e na final 7/07/2018

Campionato de Tenis de Mesa en Narón en setembro

Campionato Galego de Tenis de mesa en A Coruña en marzo

Participación na XI Carreira Popular Concello de Redondela como voluntarios na organización (6+2)

Persoal técnico: 2 educadores.



o PROGRAMA DE ACTIVIDADES ALTERNATIVAS.

A VOZ DE LENDA.

A Voz de Lenda é unha revista que se publica dende o CRPL Lenda dende o ano 1999. Forma parte do Programa de Actividades Alternativas polo seu carácter innovador, creativo, normalizador e incluso estratéxico de cara á rehabilitación das persoas con enfermidade mental.

Persoas que participaron neste programa: Participaron nesta actividade 20 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas:

♦ Elaboración de artigos para a revista “A Voz de Lenda”, corrección dos artigos, enmaquetado, etc.

♦ Charlas con profesionais:

Xesús Bravo: “Nova Cultura do Auga”

Marta: “O valor da auga”

♦ Presentación da Revista número 36 co mesmo título: “AUGA” en novembro. No acto de presentación organizouse un debate político sobre a auga.

Persoal técnico: Un educador.



ASEMBLEAS CAFÉ.

As Asembleas café son reunións que se realizan conxuntamente entre as persoas usuarias do CRPL e o equipo técnico coa finalidade de establecer as normas de funcionamento e convivencia, tratar temas que nos preocupan ou tomar decisións que nos incumben a todos e todas.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 48 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Estableceuse realizar asembleas cada 15 días.

Persoal técnico: Equipo técnico da Asociación.

OUTRAS ACTIVIDADES ALTERNATIVAS.

Actividades que habitualmente non están nin pautadas nin organizadas, pero que se realizan de forma cotiá, son todas estas cousas nas que case ninguén se para a pensar, pero que son indispensables para o funcionamento de calquera institución, os famosos “recados”, subministro e compras, pequenas xestións (correos, Concello, etc..) .

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 10 persoas ao longo do ano

Actividades realizadas: Realización dos diferentes recados relacionados coa administración do centro, realización de fotocopias, mercar material de oficina e material para os talleres, etc.

Persoal técnico: Unha educadora.

o PROGRAMA DE OCIO.

O Programa de Ocio cumpre a función de ofrecer facilidades ás persoas usuarias para que disfruten de actividades deportivas, de ocio e tempo libre, así como informar das ofertas que se ofrecen na comunidade onde residen.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 48 persoas ao longo do ano

Actividades realizadas:

- ◆ 16/01/2018 Visita ao Centro de Día de Cesantes (8+1)
- ◆ 25/01/2018 Paseo pola Serra do Suído para ver a neve (7+1)
- ◆ 6/02/2018 Ruta do Chozos na Serra do Suído (7+1)
- ◆ 13/02/2018 Festa de Entroido en Lenda
- ◆ 15/03/2018 Paseo por Baiona (6+1)
- ◆ 5/04/2018 Ruta por Arcade-Pontesampaio (8+2)
- ◆ 26/04/2018 Festival de Curtas de Redondela
- ◆ 8/05/2018 Cine “Campeones” (20+5)
- ◆ 22/05/2018 Visita ao Castelo de Soutomaior (20+5)
- ◆ 7/06/2018 Xornada de portas abertas de DOA (17+3)
- ◆ 27/06/2018 Viaxe a Cíes (35+5)
- ◆ 8/8/2018 Illas Ons (6)
- ◆ 27/09/2019 Exposición de fotografía: Ruth M. Anderson en Galiza (8+1)
- ◆ 5/10/2018 Paseo e comida na Praia de Cesantes (35+ 8)
- ◆ 22/11/2018 Mostra de teatro DOA (30+5)
- ◆ 13/12/2018 Exposición guiada “40anos” de Mundo Cal
- ◆ 24/12/2018 Chocolate con churros e paseo no Chochochú (30+4)
- ◆ 28/12/2018 Comida de Nadal
- ◆ **Persoal técnico:** Equipo técnico da Asociación.



CENTRO OCUPACIONAL.

O Centro Ocupacional Lenda defínese como un servizo de atención diúrna ocupacional de media estada e constitúe un conxunto de actuacións dirixidas ás persoas dependentes que, residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social e ocupacional, orientadas de xeito principal á preparación e integración laboral, e á promoción da autonomía persoal das persoas usuarias.

Dende esta perspectiva, podemos sinalar os seguintes obxectivos:

- Garantir ás persoas usuarias o acceso aos servizos de asistencia nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria, o adestramento en habilidades sociais e a psicoeducación.
- Facilitar o desenvolvemento e mellora das habilidades adaptativas (axuste persoal e social), a formación prelaboral, a formación para o emprego, a orientación e intermediación laboral e o emprego con apoio, coa finalidade de conseguir o maior desenvolvemento persoal posible das persoas con enfermidade mental.
- Favorecer a información, asesoramento, educación e manexo da enfermidade, orientado á adherencia ao tratamento, o manexo dos factores de risco e a prevención de recaídas.
- Promover o uso de recursos comunitarios orientados á normalización, contribuíndo, a través da formación e a ocupación, a unha maior e máis efectiva participación na vida social, ao desenvolvemento da autonomía persoal e a mellora da súa autoestima.
- Proporcionar asesoramento e apoio ás familias.
- Facilitar e promover actividades de apoio e soporte social, de animación sociocultural, de actividade ocupacional, de relacións interpersoais e outras actividades que favorezan o mantemento de hábitos persoais e das redes sociais.

O Centro Ocupacional Lenda ten capacidade para 10 persoas usuarias.



ÁREAS E PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN DO CENTRO OCUPACIONAL

ÁREA DE INFORMACIÓN, VALORACIÓN SEGUIMIENTO E ORIENTACIÓN:

PROGRAMA DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA.

O Programa de Atención Individualizada (PAI) é un documento que comprende todas aquelas actuacións dirixidas a alcanzar a autonomía persoal no maior grado posible e o desenvolvemento de tódolos servizos e programas nos que participa a persoa usuaria. O PAI inclúe a avaliación funcional, física, psíquica e socio familiar, os obxectivos a acadar e o plan de intervención. Na elaboración do PAI participan os profesionais, a familia e a persoa usuaria do centro.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 12 persoas neste programa.

Actividades realizadas:

- Sesións individuais de información e orientación ás persoas usuarias do centro.
- Control de citas médicas e inxectables.
- Control diario de asistencia.
- Coordinación cos familiares.
- Coordinación con outros dispositivos de saúde mental e drogodependencias

Persoal técnico: Unha psicóloga, unha educadora social e unha mestra de taller.

PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

Ten a finalidade de potenciar o rol dos familiares como axentes activos no proceso de tratamento e rehabilitación das persoas con enfermidade mental para favorecer a atención, coidados, apoios e o retorno da persoa usuaria ao seu ámbito familiar.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa un total de 12 familias.

Persoas que participaron no Programa de Escola de Familias da Asociación Lenda: 4 familias.

Actividades realizadas: Sesións individuais e grupais de información e orientación aos familiares das persoas usuarias do centro.

Persoal técnico: Unha psicóloga.

ÁREA DE FORMACIÓN BÁSICA E INSTRUMENTAL:

PROGRAMA DE PSICOEDUCACIÓN E PREVENCIÓN DE RECAÍDAS

O Programa de Psicoeducación e Prevención de Recaídas pretende ser un espazo de reflexión e aprendizaxe grupal. Ten como principal obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas usuarias a través da información sobre a saúde mental e o apoio emocional.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Sesións grupais nas que se traballou o contido do programa psicoeducativo relacionado coa información sobre a enfermidade mental e sesións individuais coas novas persoas usuarias que accederon a este Servizo.

Persoal técnico: Unha psicóloga



PROGRAMA DE FOMENTO DA AUTONOMÍA

Coa realización deste programa preténdese que os usuarios do Centro Ocupacional Lenda que así o precisen, adquiren, recuperen ou manteñan as habilidades necesarias para desenvolverse na súa contorna familiar e social da maneira máis independente posible.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 3 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Sesións individuais e grupais onde se traballan aspectos relacionados coa autonomía persoal (hixiene persoal e do fogar, alimentación, xestión do presuposto mensual, etc.)

Unha persoa do Centro Ocupacional participou no programa de Habilidades da Vida Diaria de forma intensiva.

Persoal técnico: Unha educadora social.



OBRADOIRO DE COCIÑA

É un obradoiro que da continuidade ao de Autonomía e no que se traballan aspectos básicos da cociña e hábitos de alimentación saudables.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 3 persoas.

Actividades realizadas:

Persoal técnico: Unha educadora social



ÁREA DE FORMACIÓN BÁSICA E INSTRUMENTAL:

PROGRAMA DE COMUNICACIÓN

Obradoiro no que se traballan aspectos relacionados coa comunicación, habilidades sociais, audición, etc.

Persoas que participaron neste programa: Participaron neste programa 3 persoas.

Actividades realizadas:

Persoal técnico: Unha educadora social

PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN DA MEDICACIÓN

O programa de Administración da Medicación pretende regular a medicación das persoas usuarias que o precisen de cara á súa estabilidade clínica.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 3 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Supervisión na carga de pastilleiros e supervisión na toma de medicación que coincida co horario do centro.

Persoal técnico: Unha educadora social, unha mestra de taller e unha psicóloga

PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA

O Programa de Estimulación Cognitiva é un espazo onde traballamos funcións cognitivas como a memoria, planificación, linguaxe, atención, percepción, concentración, a creatividade, etc.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas: Sesións grupais onde se traballan diferentes funcións cognitivas. Tráballose con 3 grupos diferentes en función das necesidades detectadas.

Grupo Estimulación Cognitiva 1: Participaron 4 persoas

Grupo Estimulación Cognitiva 2: Participaron 9 persoas

Grupo Terapia Ocupacional: Participaron 6 persoas

Grupo Revista: Participaron 12 persoas

Persoal técnico: Unha terapeuta ocupacional e unha psicóloga

ÁREA DE FORMACIÓN PROFESIONAL:

PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO.

O Programa de Formación para o Emprego inclúe formación específica para o emprego, levado a cabo directamente nos obradoiros formativos, así como unha formación a nivel persoal e social, necesaria para conseguir o máximo desenvolvemento da persoa no ámbito laboral e ocupacional.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas:

Obradoiro de encadernación: Álbums de fotos, libretas, receitairos de cociña, memos, carpetas, carteis, decoración de marcos de fotos e caixas de madeira.

Obradoiro de encadernación especial axendas.

Obradoiro de tarxetería: Invitacións de voda, recordatorios de comunión e bauticeiro, postais de Nadal e marcapáxinas.

Obradoiro de elaboración de xabóns artesanais e cosmética natural

Obradoiro de transferencia en pedra: Trofeos e pisapapeis.

Obradoiro de cerámica en frío: Medallas, imáns e adornos de nadal

Obradoiro de Impresión: camisolas, gorras e bolsas

Obradoiro de decoración de tazas cerámicas

Obradoiro de elaboración de títeres

Obradoiro de elaboración de chapas

Venta dos produtos realizados:

Mercadiño Titiriteiro, no Festival Internacional de Títeres de Redondela (3 días)

Feira de Artesanía de Nadal de Redondela (2 días)

Apertura da Tenda de Lenda do 17 ao 24 de decembro

Encargos ao longo de todo o ano

Persoal técnico: Unha mestra de taller.

Outras actividades:

Colaboración co Servizo de Orientación Laboral de FEAFES Galicia.

Persoas que participaron neste servizo: 3 persoas ao longo do ano.

Número de persoas que accederon a un posto de traballo: 1 persoa (traballo temporal e puntual)

Coordinación co Servizo de Emprego do Concello de Redondela: Plan Integral de Emprego: 1 usuario é seleccionado para comezar as accións relativas a este plan para o ano 2019.



Estes obradoiros son o marco idóneo onde levamos a cabo o adestramento en hábitos básicos de traballo e en habilidades sociais no ambiente laboral.

Os produtos finais dos obradoiros véndense nas feiras e por encargos que diferentes persoas realizan ao longo do ano.

ÁREA DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS:

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, OCIO E TEMPO LIBRE.

O Programa de Actividades Deportivas, Ocio e Tempo Libre cumpre a función de ofrecer facilidades ás persoas usuarias do Centro Ocupacional para que disfruten de actividades deportivas, de ocio e tempo libre, así como informar das ofertas que se ofrecen na comunidade onde residen.

Persoas que participaron neste programa: Participaron un total de 12 persoas ao longo do ano.

Actividades realizadas:

Actividades deportivas: ximnasia de mantemento, tenis e natación.

Participación no Campionato de Fútbol Sala FEAFES Galicia: 2 persoas usuarias.

Participación nos Campionatos de Tenis de mesa en A coruña e en Narón: 2 persoas usuarias.

Participación na IX Carreira Popular Concello de Redondela: 4 persoas usuarias.

Actividades de ocio:

- ◆ Festa de Entroido en Lenda
- ◆ Festival de Curtas de Redondela
- ◆ Cine “Campeones”
- ◆ Visita ao Castelo de Soutomaior
- ◆ Xornada de portas abertas de DOA
- ◆ Excursión ás Illas Cíes
- ◆ Excursión ás Illas Ons
- ◆ Paseo e comida na Praia de Cesantes
- ◆ Mostra de teatro DOA
- ◆ Exposición de fotografía guiada “40anos” de Mundo Cal
- ◆ Exposición de fotografía da fotógrafa de Ruth M. Anderson en Galiza
- ◆ Comida de Nadal

Personoal técnico: Unha psicóloga, unha educadora e unha mestra de taller.

OUTRAS ACTIVIDADES DO CENTRO OCUPACIONAL.

- ◆ Participación na revista A Voz de Lenda
- ◆ Participación na mesa redonda do Festival REC sobre discapacidade e emprego, onde 2 usuarios contaron a súa experiencia no Centro Ocupacional Lenda
- ◆ Participación nas actividades do día Mundial da Saúde Mental



SERVIZO DE COMUNICACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN.

Accións realizadas:

- ⇒ Visita das alumnas e alumnos do IES Chapela ao CRPL e CO
- ⇒ Charla no Colexio Mendiño de Vigo sobre o tratamento da saúde mental no Centro Penitenciario de A Lama
- ⇒ Día Mundial da Saúde Mental: Campaña #mocidadesaudable nos centros educativos Pedro Floriani de Redondela e Colexio Mendiño de Vigo.
- ⇒ Charla no Instituto Pedro Floriani sobre saúde mental e o traballo da Asociación Lenda
- ⇒ Participación na mesa redonda do Festival REC sobre discapacidade e emprego
- ⇒ Participación no Arte Lixo
- ⇒ Participación nas accións realizadas na vila polo 8M
- ⇒ Presentacións da revista A Voz de Lenda
- ⇒ Publicación na revista **MedCrave Journal of Psychology and Clinical Psychiatry** dun artigo relacionado coa investigación do Trisquel. Pódese ver no seguinte enlace:

<http://medcraveonline.com/JPCPY/JPCPY-07-00440.pdf>

- ⇒ Saídas en prensa:

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2018/01/12/asociacion-lenda-presenta-revista-lonja/1818070.html>

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2018/10/09/asociacion-lenda-visibiliza-problemas-salud/1976061.html>

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2018/11/16/lenda-organiza-debate-redondela-gestion/1999257.html>

<http://www.atlantico.net/articulo/vigo/75-dolencias-mentales-empiezan-ninos-adolescentes/20181009231511672143.html>

- ⇒ Actualización semanal da páxina web Lendasaudemental.com
- ⇒ Publicacións das accións realizadas en Facebook e Instagram
- ⇒ Difusión de campañas relacionadas coa saúde mental a través de redes sociais.



CADRO RESUMO DOS SERVIZOS E PROGRAMAS DA ASOCIACIÓN

SERVIZOS	PROGRAMAS	Nº DE PERSOAS QUE PARTICIPARON
SERVIZO DE INFORMACIÓN,	⇒ PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN	69
SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR	⇒ PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR	48
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL	⇒ PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NO CENTRO PENITENCIARIO DE A LAMA	76
	⇒ PROGRAMA DE ATENCIÓN A DOMICILIO NO MEDIO RURAL.	5
	⇒ PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO INTEGRAL	9
SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIO-FAMILIAR	⇒ PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A FAMILIARES.	48
	⇒ PROGRAMA DE ESCOLA DE FAMILIAS E AXUDA MÚTUA.	22
SERVIZO DE REHABILITACIÓN.	⇒ PROGRAMA DE HABILIDADES DA VIDA DIARIA.	15
	⇒ CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL.	68
	⇒ CENTRO OCUPACIONAL.	12
SERVIZO DE COMUNICACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN.		

**CADRO
RESUMO DOS
PROGRAMAS
DO
Centro
De
Rehabilitación**

Programa de Atención Individual	68
Programa de Administración Económica	9
Programa de Administración Farmacolóxica	11
Programa Ocupacional: Obradoiros de Restauración	48
Programa de Orientación Laboral (FEAFES)	8
Programa Formativo-Educativo fóra do Centro	11
Programa Terapéutico	
Psicoeducación	12
Estrés, Ansiedade e o seu Manexo	18
Vivir na Saúde	12
Autonomía	13
Prensa Semanal	10
Estimulación Cognitiva	37
Cálculo Mental	11
Artes Plásticas	12
Mércores Musicais	5
Trisquel	12
Xogo terapéutico	6
Comunicación	18
Cociña	8
Programa de Educación Física	48
Programa de Actividades Alternativas:	
Revista: A Voz de Lenda	20
Asembleas Café	48
Outras Actividades	10
Programa de Ocio	48

**CADRO
RESUMO DOS
PROGRAMAS
DO
Centro
Ocupacional**

Programa de Atención Individualizada.	12
Programa de Formación para o Emprego.	12
Programa de Fomento da Autonomía e Obradoiro de Cociña	3
Programa de Psicoeducación e Prevención de Recaídas	12
Programa de Actividades Deportivas, Ocio e Tempo Libre.	12
Programa de Estimulación Cognitiva	12
Programa de Comunicación	3
Programa de Administración da Medicación	3
Programa de Atención ás Familias.	12 familias

EQUIPO TÉCNICO DA ASOCIACIÓN

Fernando Bastos Pérez:

Psicólogo Clínico Especialista en Rehabilitación de Psicosocial e Laboral de Enfermos Mentais Crónicos

Carmen Varela Trigo:

Mestra de Taller e Artesana

José Jaime Figueroa Cerdeira:

Auxiliar de Clínica

Pilar Pérez López:

Técnico Especialista en Diminuídos Psíquicos

Joaquín Fernández Vidal:

Técnico Especialista en Diminuídos Psíquicos. Auxiliar de Clínica

Felicitas Mayán Mato:

Educadora Social

M^a del Carmen Álvarez Couñago:

Psicóloga e Terapeuta Familiar

Gemma Herrera Bacariza:

Educadora Social (Programas de Cooperación, Xunta de Galicia)

María Alonso Ferreira:

Terapeuta Ocupacional (Programas de Cooperación, Xunta de Galicia)

Francisco Javier Somoza Pires

Monitor

Montserrat Sánchez Lago

Monitora

COLABORADORES E FINANCIADORES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



CONCELLO DE
REDONDELA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro



**SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA**
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E
PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA



FEAFES
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
AGRUPACIONES DE FAMILIARES Y
PERSONAS CON ENFERMEDAD MENTAL

Fundación Barrié





A s o c i a c i ó n

Lenda

Saúde Mental